

PROCESO SELECCION “APROL Rural” VEDRA 2017

A Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeulle ao Concello de Vedra unha subvención para a contratación de traballadores/as desempregados/as ao abeiro da Orde do 08/09/2017, para a contratación de 2 albaneis, a xornada completa cunha duración de nove meses e con contrato temporal de interese social.

Como establece a Resolución de concesión recibida en data 22/11/2017 “*A data límite para formalizar as contratacións é o día 15 de decembro de 2017*”, e como recolle na Orde de convocatoria (artigo 14) o Concello deberá presentar oferta pechada na oficina de emprego correspondente cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacións na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado, para poder seleccionar aos candidatos/as, tendo preferencia os colectivos con dificultades de inserción laboral (artigo 14.5), tales como:

- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

As persoas que estean interesadas en participar neste proceso, e que pertencen a algún dos colectivos referidos, deberán estar inscritas na Oficina de Emprego Santiago Norte, ata o xoves 30 de novembro día no que se abre o prazo para cruzar a oferta presentada na Oficina de Emprego Santiago Norte.

Para calquera aclaración poderán chamar ao teléfono 669.450.801, en horario de atención ao público de 8.30 a 14.00 horas de luns a venres.

Vedra, 24 de novembro de 2017
O ALCALDE,

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo.